

## **ACORDO PARA O RECOÑECEMENTO DA SUBA SALARIAL CORRESPONDENTE AO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO PARA O PERSOAL VINCULADO AO CAPÍTULO VI DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

A organización sindical CIG-Ensino promoveu un conflito colectivo contra a Universidade da Coruña, logo de non se producir avinza nin na Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo para o PDI das universidades do SUG nin no AGA. A pretensión do sindicato reclamante era o recoñecemento do dereito de todo o persoal incluído no citado Convenio Colectivo a percibir os atrasos correspondentes ao ano 2022 e 2023 vinculados ás diferentes subas salariais aprobadas para o conxunto das persoas empregadas públicas.

Ambas partes, UDC e CIG-Ensino, manifestaron a súa conformidade para suspender e adiar o xuízo sinalado para o día 18 de abril de 2024 ao se pretender efectuar unha negociación extra-procesual sobre o tema que motivou o conflito colectivo.

Tendo en conta o anterior, a UDC e a CIG-Ensino, subscriben o presente acordo do que se dará traslado ao Tribunal para a súa homologación.

1. Recoñécese por parte da UDC o dereito de todo o persoal vinculado ao Capítulo VI a percibir as subas salariais nas mesmas condicións que o conxunto do persoal funcionario ou laboral do Capítulo I.
2. Comprométese a actualización das retribución de todo o persoal afectado polo presente acordo coa aplicación da suba correspondente desde xaneiro de 2022 con efectos da nómina de outubro de 2024 e de aquí en diante.
3. Recoñécese o dereito a percibir como atrasos os incrementos retributivos correspondentes aos anos 2022 e 2023.
4. Apróbase negociar un calendario para a materialización dos pagamentos dos atrasos mencionados no punto anterior, co compromiso de pechar o calendario dos pagamentos antes de finalizar o mes de xuño de 2024.
5. A UDC achegará toda a información detallada sobre a aplicación do presente acordo, tanto na actualización das nóminas como no pagamento dos atrasos.

Na Coruña, a 16 de maio de 2024

Pola UDC

Jerónimo Puertas  
Vicerreitor de Investigación e Transferencia

Ángel Fernández Castro  
Vicerreitor de Economía e Planificación estratéxica

Polo sindicato CIG-Ensino

Xesús Bermello García  
Secretario Nacional CIG-Ensino